



Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Sección coordinada por Emilia Seoane Pérez
Conselleira EURES - EUROpean Employment Services
Profesora da Universidade de Vigo

eures.universidade.emilia@uvigo.es

No ano 1980, a Comisión Europea e os Estados membros, crean Eurydice, a rede europea institucional de información sobre educación, como mecanismo para impulsar a cooperación no ámbito educativo.

Os seus obxectivos fundamentais son:

- Xerar información sobre os procesos e políticas educativas implementadas nos distintos países de Europa, para a toma de decisións en materia educativa, tanto no eido comunitario como nos diferentes Estados membros, favorecendo o seu intercambio entre os responsables políticos europeos.
- Achegar información a organismos, entidades e persoas interesadas na educación en Europa.

Organicamente intégrase no Programa de aprendizaxe permanente 2007-2013, ao tempo que este lle presta apoio, ao recoñecela como rede dedicada á observación e á análise de políticas e sistemas no ámbito da aprendizaxe permanente. Eurydice está composta pola Unidade Central Europea, con sede en Bruxelas e dependente na actualidade da Axencia Executiva no Ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA), e as Unidades Estatais, que no caso do Estado español, está adscrita á Área de Estudos e Investigación do Instituto de Formación do Profesorado, Investigación e Innovación Educativa (IFIIE) do Ministerio de Educación.

Actualmente, son membros da rede 31 países: 27 estados da Unión Europea, os tres países da Asociación Europea de Libre Comercio que son membros do Espazo Económico Europeo (Noruega, Islandia e Liechtenstein) e Turquía como país candidato, que participa no Programa de aprendizaxe permanente.

A principal tarefa de Eurydice consiste no estudo dos diferentes sistemas educativos, dos obxectivos e medidas adoptadas polas administracións, así como da estrutura e funcionamento de ámbitos específicos dos mesmos.

Son seis os grandes bloques de actividades nos que se concreta a tarefa da rede:

- A recollida, elaboración e actualización de datos sobre os sistemas educativos. Cada Estado membro elabora un dossier a través da súa Unidade Estatal. A totalidade destes dossiers conformará unha base de datos *on line*, detallada e de actualización anual, denominada Eurybase.
- A produción de indicadores europeos de educación en colaboración con Eurostat, de onde saen dúas publicacións de interese: *As cifras clave da educación en Europa* e *Temas clave en educación*.
- Os estudos monográficos comparados, sobre diferentes temas específicos de carácter xeral, como por exemplo: *As competencias clave*, *A aprendizaxe ao longo da vida*, *A educación para a cidadanía no contexto social europeo*,...etc.
- Os documentos de apoio en materia educativa, ás presidencias comunitarias no período correspondente.
- O intercambio de información entre as unidades da rede ao servizo das administracións educativas.
- A tradución e difusión das publicacións e dos produtos da rede.

A información recollida en Eurybase, constitúe a fonte fundamental para a elaboración das publicacións

máis novas

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

España, un país con atractivo para investigar

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Finou Herminio Barreiro Rodríguez

“European Job Day 2010” - Xornadas Europeas de Emprego 2010

Juvenes Translatores

Visitas ao Parlamento Europeo

Máis euro, menos crise, máis Europa!

Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias

Declaración mundial “Aprender a través do xogo”. OMEP 2010

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

[ver máis](#)

divulgativas sobre os sistemas educativos e outros traballos de referencia de Eurydice como:

- Fichas síntese dos sistemas educativos en Europa
- Estrutura dos sistemas educativos, de formación profesional e de educación das persoas adultas en Europa
- Glosarios europeos da educación
- Tesouro Europeo dos sistemas educativos (TESE).

O usuario pode acceder *on line*, dende a web do Ministerio de Educación a través do Centro de Investigación e Documentación Educativa (CIDE). Aí pode atopar, tanto as publicacións xa citadas, como as que divulga de maneira periódica e outras de interese e carácter informativo, dende a perspectiva da educación comparada (calendarios escolares en Europa, horas lectivas no ensino obrigatorio, salarios de profesores e directores, etc). En suma, un fondo documental de grande interese e utilidade sobre todo para docentes, universitarios, e investigadores.

Mais información en:

- <http://www.educacion.es/cide/jsp/plantillaAncho.jsp?id=eurydice.org>
- http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/index_en.php
- http://ec.europa.eu/education/index_en.htm
- <http://www.mepsyd.es/cide/jsp/plantilla.jsp?id=euryenlunidades>
- <http://www.eurydice.org>



O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web

Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010

Entrepontes, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reiníciense as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

COLABORA COA REVISTA

Cartas á directora

Experiencias

Investigación

Foro

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)